

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 26 DE XULLO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a vinte e seis de xullo do ano dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnen-se na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

Sres Asistentes

ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS/AS

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO
RAMIRO BELLO RECOUSO
JOSÉ ALBERTO BLANCO
VEIGA
PATRICIA MARÍA BELLO
CANEDO MARÍA DEL
ROCÍO LÓPEZ REY
ADELINA LISTE MONELOS
CRISTINA CRISTINA
VIEITES CALVO
PABLO CAMBÓN BÉRTOA
BEGOÑA DOMÍNGUEZ
PATIÑO
MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ
CASTIÑEIRA
ALBA DOLORES TOBA
FERREIRO
JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS
MARÍA PILAR NEIRA
MARTÍNEZ
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

NON ASISTE: JESÚS SOUTO PENA

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Previo ó inicio da sesión a Corporación garda un minuto de silencio pola vítimas de violencia de xénero desde ano 2019

Aberto este pola Presidencia, a continuación procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO ACTA DA SESIÓN DE ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN DE DATA 21 DE XUÑO DE 2019.-

Pola Presidencia, pregúntase si existe algún reparo ou obxección que formular á Acta da sesión de organización da Corporación de 21 de xuño de 2019.

Non sendo formulada ningunha obxección, a Acta enténdese aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde que dase conta dos decretos que van dende o 448/2019 ata o 595/2019

3.- DACIÓN DE CONTA DOS INTEGRANTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ASUNTOS XERAIS E DE FACENDA

Dase lectura por parte da Secretaria municipal aos membros integrantes das Comisións Informativas de Asuntos Xerais e de Facenda

.- Por parte do Grupo municipal do PP (RE 4 de xullo de 2019):

Comisión de Facenda:

- .- Adelina Liste Monelos
- .- Ramiro Bello Recouso
- .- Pablo Cambón Bértoa
- .- Cristina Vietes Calvo
- .- José Alberto Blanco Veiga

Suplentes:

- .- Jesús Souto Pena
- .- Patricia Bello Canedo
- .- Rocío López Rey

Comisión de Asuntos Xerais

- .- Cristina Vietes Calvo
- .- Ramiro Bello Recouso
- .- Begoña Domínguez Patiño
- .- Adelina Liste Monelos
- .- José Alberto Blanco Veiga
- .- Pablo Cambón Bértoa

Suplentes:

- .- Jesús Souto Pena
- .- Patricia Bello Canedo
- .- Rocío López Rey

.- Por parte do Grupo municipal do PSOE (RE 24 de xuño de 2019):

Comisión de Facenda:

- .- Alba Dolores Toba Ferreiro
- .- José Martínez Ageitos

Suplentes:

- .- María Palomi Rodríguez Castiñeira
- .- María Pilar Neira Martínez

Comisión de Asuntos Xerais:

- .- María Palomi Rodríguez Castiñeira
- .- María Pilar Neira Castiñeira

Suplentes:

- .- Alba Dolores Toba Ferreiro
- .- José Martínez Ageitos

.- Por parte do Grupo municipal do BNG (RE 21 de xuño de 2019):

Comisión de Facenda:

- .- Xoán Manoel Sande Muñiz

Suplente:

- .- Carolina Castiñeiras Brandón

Comisión de Asuntos Xerais

- .- Carolina Castiñeiras Brandón

Suplente:

- .- Xoán Manoel Sande Muñiz

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

4. 1º.- Moción de urxencia plantexada polo BNG con nº de rexistro de entrada 3613 de data 24 de xullo de 2019.

O portavoz do grupo municipal do BNG da lectura á moción cuxa parte expositiva dispón:

“O Pleno do Concello da Laracha insta á Xunta de Galiza a dotar dos seguintes servizos sanitarios o noso concello:

- 1. Consultas ordinarias en horario de tarde no Centro de Saúde da Laracha e servizos administrativos, cun mínimo dunha consulta médica, unha de enfermaría e unha praza de Persoal de Servizos Xerais.*
- 2. Creación dunha consulta de Odontoloxía no Centro de Saúde da Laracha, cun mínimo de un/unha odontóloga e un/unha hixienista dental.*
- 3. Dotación dunha praza de Persoal de Servizos Xerais no Consultorio de Caión.*
- 4. Maior dotación para o servizo de pediatría.*
- 5. Substitucións do persoal durante as súas ausencias por permisos, baixas e vacacións”.*

O alcalde somete a votación a urxencia da sesión resultando aprobada por unanimidade dos presentes.

Di o alcalde que todos desexan unha maior cobertura médica posible para os vecinos

sen necesidade de desprazarse.

Di o alcalde que desexa que se implanten novos servizos como as consultas de tarde. Que o certo é que todas as melloras xa foron plantexadas ante os órganos directivos da Xunta de Galicia. Que dende a Xerencia da Área Sanitaria lle din que os problemas existentes teñen como causa a falta de persoal.

Respecto ao problema de Caión di o alcalde que o número de cartillas por médico é moi reducido sendo un ratio moi inferior de cartillas por médico ao que teñen os médicos da Laracha.

Di o alcalde que rodas as obras do edificio e as de adaptación teñen como finalidade que o servizo se manteña en Caión pero que o certo é que non existen usuarios suficientes

Intervén o concelleiro nacionalista Xoan Sande e di que coñece que existen dificultades para a contratación de persoal pero que iso non implica que non se poidan crear prazas novas.

Di o concelleiro nacionalista Xoán Sande que a eles como oposición correspóndelle plantexar estas cuestión que consideran esenciais e ao goberno presionar onde deban presionar

Sométese a votación o fondo da moción resultando rexeitada por 10 votos en contra do grupo municipal do PP e 6 a favor (4 do PP e 2 do BNG)

4.2°.- Moción de urxencia do Grupo municipal do PSOE co nº 3591 de rexistro de entrada de 22 de xullo de 2019.

A concelleira portavoz do Grupo municipal do PSOE da lectura á moción de urxencia cuxa parte dispositiva dispón:

“O Pleno do Concello da Laracha insta a Xunta de Galicia a que, neste último semestre do ano 2019, leve a cabo a retirada de todas as toneladas de pneumáticos restantes usados nos depósitos de Lendo, cumpríndose todos os requisitos, tanto os de vixilancia como os mediomambientais, dando así cumprimento á resposta dada por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no Parlamento de Galicia”.

Di o alcalde que os pneumáticos están acopiados dende hai moitos anos nesa finca e que por fin despois de varios gobernos licitouse o servizo de retirada e le foi adjudicado á empresa Couceiro.

Di o alcalde que estivo a Subdirectora de Xestión ambiental coa empresa adjudicataria. O contrato remata a finais de 2019.

Intervén a concelleira socialista María Palomi Rodríguez e solicita que se leve a cabo o cumprimento pola empresa da retirada dos pneumáticos a final de ano.

O alcalde somete a votación a urxencia da sesión resultando rexeitada por 10 votos en contra do Grupo municipal do PP e 6 a favor (4 do PSOE e 2 do BNG)

4.3°.-Moción de urxencia do Grupo municipal do PSOE co nº 3591 de rexistro de entrada de 22 de xullo de 2019

A concelleira portavoz do Grupo municipal do PSOE da lectura á moción de urxencia cuxa parte dispositiva dispón:

“O Pleno do Concello da Laracha insta ao Goberno municipal a que leve a cabo as actuacións laborais e formativas necesarias para poder satisfacer as necesidades da oferta que xerará a construción do centro de procesamento de datos, de tal xeito que as persoas deste concello podan acceder nas mellores condicións posibles aos postos de traballo directos e indirectos a crear”

Intervén o alcalde e di que si ben hai 521 persoas en paro, xa na época da crisis chegaron ata 1200. Que no concello son moitos os programas de inserción que existen:

- Programa de Inserción laboral

- Obradoiro de Emprego
- (..)

Respecto á referencia na súa moción a INDITEX dille o alcalde á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que esta empresa ten o seu propio sistema de selección de persoal. Que o concello dispón de orientadores laborais para axudar aos interesados a presentar os seus curriculum a través dos portais de emprego da empresa.

Que dende o concello selecciónase moito persol a través de contratación directa con varios programas como o APROL RURAL ou o RISGA entre outros moitos.

Pregunta a concelleira socialista María palomi Rodríguez si se pode levar a cabo un convenio de colaboración con INDITEX. Contéstalle o alcalde que oxalá.

Si o concelleiro nacionalista Xoán Sande que o ideal sería conseguir a formación de FP DUAL

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 10 votos en contra do grupo municipal do PP e 6 a favor (4 do grupo municipal do PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)

4.4. Moción de urxencia do Grupo municipal do PSOE co nº 3591 de rexistro de entrada de 22 de xullo de 2019

A concelleira portavoz do Grupo municipal do PSOE da lectura á moción de urxencia cuxa parte dispositiva dispón:

“Dar traslado, na medida do posible, a todos os grupos municipais dos acordos acadados na Xunta Local de Seguridade”

Explica o alcalde que a composición deste órgano está reglada, pero que a acta sí se remitirá a todos os grupos unha vez esté asinada, proceso que debe consensarse coa Subdelegación do Goberno. En todo caso os grupos deben respetar a información que se lles facilite polo disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

O alcalde somete a votación a urxencia da moción resultando aprobada por unanimidad dos membros presentes.

O alcalde somete a votación o fondo da moción resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes

4.5. Moción de urxencia do grupo municipal do PP relativa a suplemento de crédito.

Dase lectura á moción de urxencia presentada polo PP

PROPOSTA DE ALCALDÍA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITO CON MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PREVISTAS NO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2019

“En desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal para o ano 2019 apreciouse a insuficiencia do crédito previsto no estado de gastos para afrontar a concesión da subvención nominativa á Asociación Comisión de Festas da Laracha, co obxectivo de colaborar con esa entidade no financiamento dos gastos derivados da organización e realización de festexos populares.

De acordo coas subvencións nominativas detalladas na Base 42.5.2 das de Execución do

Orzamento Xeral do Concello para 2019 aprobadas polo Pleno do Concello o 27 de decembro de 2018, e modificadas en sesión plenaria de 30 de maio de 2019, a entidade Asociación Comisión de Festas de Laracha é beneficiaria dunha subvención nominativa de 8.000,00 euros para a seguinte finalidade: Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares, con cargo á aplicación orzamentaria 338.489.00 do estado de gastos do orzamento.

A entidade comunica, unha vez iniciados os trámites para a organización das festas, que a previsión de gastos necesarios exceden en moito as súas previsións iniciais.

Considérase necesario, con carácter urxente e inaprazable, incrementar en 20.000,00 euros o crédito destinado á subvención nominativa a outorgar polo Concello, debido ao interese xeral e á importancia das festas patronais na capital do municipio, modificando para elo tanto o Estado de Gastos como

De conformidade coa normativa vixente, cando deba facerse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario. Estas modificacións de créditos poderán financiarse co Remanente Líquido de Tesourería dispoñible procedente do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito doutras partidas orzamentarias que se estimen reducibles sen perxudicar o funcionamento do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito cando o destino do crédito sexa levar a cabo un investimento.

No Orzamento Xeral para o ano 2019 consígnase crédito na aplicación 135.489.01 por importe total de 30.000,00 euros para afrontar a concesión dunha subvención nominativa á Agrupación Protección Civil, co obxectivo de colaborar con esa entidade nos gastos de funcionamento (material, equipamento, vestimenta, mantemento da base ou de equipos, aplicacións informáticas e de comunicación, combustible, gastos ocasionados durante as súas actuacións...). A subvención nominativa aparece detallada na Base 42.5.2 das de Execución do Orzamento. Á vista da previsión de actuacións da Agrupación de Protección Civil e das que xa se levaron a cabo ata o momento, o nivel de gastos de funcionamento da entidade vai ser inferior ao previsto, polo que procede minorar a subvención nominativa prevista inicialmente. Deste modo, o crédito consignado non vai ser utilizado para a finalidade inicialmente prevista.

Tendo en conta todo o anterior, esta Alcaldía, co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito), financiado con baixas por anulación de crédito nas aplicacións que se

detallan, e considerando as necesidades inaprazables antes detalladas, somete a consideración do Pleno a modificación que de seguido se reflicte:

1.- Aprobación inicial da seguinte modificación orzamentaria:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	INCREMENTO PROPOSTO	FINALIDADE
338/489.00	20.000,00 €	Subvención á Asociación Comisión de festas da Laracha

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....20.000,00 €

FONTES DE FINANCIAMENTO:

APLICACIÓN	IMPORTE
135/489.01 Subvención á Agrupación de Protección Civil	20.000,00 €

**BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS:.....
20.000,00 €**

2.- Aprobación inicial da modificación nas bases de execución do orzamento do Concello da Laracha para 2019, en concreto a base 42.5.2 a) no tocante aos importes concedidos, so no tocante aos seguintes beneficiarios, cuxas subvencións nominativas quedarán redactadas co teor que se cita a continuación, sen afectar ao resto de subvencións nominativas:

Aplicación Orzamentaria		Beneficiario	Obxecto/Finalidade	Subvención 2019
135	489.01	Agrupación Protección Civil	Gastos de funcionamento (material, equipamento, vestimenta, mantemento da base ou de equipos, aplicacións informáticas e de comunicación, combustible, gastos ocasionados durante as súas actuacións....)	10.000,00 €
338	489.00	Asociación comisión de festas da Laracha	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	28.000,00 €

A Laracha
O Alcalde”

Intervén o concelleiro Xoán Sande e di que xa teñen manifestado a súa opinión sobre este tema ano tras ano. Di que se se trata das festas dunha parroquia mais, A Comisión ten que ter o mesmo trato que as outras comisión. Pero que son conscientes de que en Torás dende hai anos dase unha situación diferente e que por tanto haberá que asumir que a terá que organizar o concello.

Intervén a concelleira María Palomi Rodríguez e di que non están en contra si é necesario pero que tampouco están conformes coa maneira de facelo.

Que debería tratarse o tema coa antelación suficiente para poder analizar ben as partidas das que sacar os 20.000€. Que non teñen toda a información suficiente. Parécelle que o expediente é pouco transparente.

Pregúntalle o alcalde que qué é o que lle parece pouco transparente. Porque ó seu enter trouxose a pleno, remitiuse ós grupos e sométese agora a votación.

Explica o alcalde que todas as parroquias teñen axudas para as festas, pero que ten razón o concelleiro Xoán Sande e ao tema de Torás hai que darlle unha volta.

Sométese a urxecia da moción a votación resultando aprobada por 10 votos a favor do PP e 6 abstencións (4 do PSOE e 2 do BNG)

So,étese a votación o fondo da moción resultando aprobada por 10 votos a favor (do grupo municipal do PP) e 6 abstencións (4 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG)

5.- ROGOS

5.1. ROGO DO BNG DE 24.7.2019 CO Nº 3614 RE

.- Incremento de colectores móbiles o día da Feira

.- Demandar á empresa concesionara da limpeza o incremento de recursos humanos en tempo de empregado, etc, á hora de realizar a limpeza nas rúas do casco urbano de Paiosaco, incidindo especialmente no Campo da Feira e a súa contorna, pois é o escaparate do noso mercado quincenal.

.- Campaña de concienciación á veciñanza e visitantes da feira para que fagan uso dos diferentes colectores, ao tempo que se anima a reciclaxe.

Á vista do rogo o alcalde coméntalle á Concelleira nacionalista Carolina Castiñeiras que é certo que na penúltima feira a empresa non limpiou de forma adecuada e que trátase verdadeiramente dun problema de comportamento dos vendedores.

Que se está traballando nunha Ordenanza Reguladora.

Denuncia a concelleira nacionalista que a zona mal chamada Feira do Gando trátase realmente dun estercoeiro.

5.2. ROGO DO PSOE DE 22.7.2019 CO Nº3591 RE

- Relativo á falta de de mantemento e limpeza de camiños e fincas no lugar de Ecurido de arriba, Lendo polas múltiples queixas manifestadas por veciñas e vecinos. Roga procedan ao mantemento axeitado do camino de a pé e ao desbroce e limpeza dos solares onde se acumula a maleza.

Á vista do rogo o alcalde coméntalle á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que a parte pública efectivamente compételle ao alcalde pero a parte privada compételle aos propietarios con notificación e ordes de execución.

5.3. ROGO DO PSOE DE 22.7.2019 CO Nº 3591 RE

.- Relativo ao abandono do mobiliario público na área de descanso da urbanización de Montes Claros en Cabo-Vilaño: columpio roto no parque infantil, papeleiras rotas, bancos de madeira en mal estado...Roga se tomen todas as medidas necesarias para solucionar o problema.

Á vista do rogo o alcalde coméntalle á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que sí se esta levando a cabo o mantemento de todos os parques

5.4. ROGO DO PSOE DE 22.07.2019 CO N° 3591

.- Relativo ao mal estado do paseo fluvial de Gabenlle e a falla de coidados que afecta directamente a quen pasea habitualmente pola zona e por este motivo roga se adopten con urxencia as medidas precisas para solucionar dunha vez por todas o problema mencionado

Á vista do rogo o alcalde contéstalle á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que é unha empresa concesionaria quen se ocupa das zonas verdes e que respecto ó paseo que ten un importe a obra de reparación duns 478.000€, incluírase no próximo Obradoiro de Emprego.

Di o alcalde que tamén estanse levanse a cabo limpeza nos ríos

5.5. PREGUNTA DO BNG (24.07.2019 CO N° 3612)

.- Relativa a si se deu algún paso dende o goberno municipal despois da aprobación plenaria dos novos nomes de rúas e prazas para facer efectivo ese cambio e dar por tanto cumprimento ó acordo de novembro de 2018.

Á vista da pregunta contéstalle o alcalde ó concelleiro nacionalista Xoán Sande que o INE comunicou a ata pasados os procesos electorais non se tramitarían os cambios

5.6. PREGUNTA DO PSOE (22.07.2019 N° 3591)

.- Relativa á falta de mantemento de numerosos inmobles antigos durante anos o que ocasiona un risco e pregunta:

É consciente o goberno municipal das queixas e críticas por parte da veciñanza desta situación?

Ten algún tipo de estudio actualizado ou listado daquelas edificacións que forman parte do parque edificado do concello e que se constate en estado de abandono ou ruína declarada?

Que medidas ou protocolo de actuación contempla o Goberno municipal para subsanar a indesexable situación deste inmobles?

Contéstalle o alcalde á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que se trata de propiedades privadas e que os vecinos teñen o deber de conservalas. Que existe un inventario de edificios en ruína e en situación de fora de ordenación.

5.7. PREGUNTA DO PSOE (22.07.2019 N° 3591)

.- Relativa a estrada que parte de Buenos Aires e se dirixe ata o Lugar de O Pereiro, Vilaño e pregunta:

Contempla o Goberno municipal a mellora do tramo que vai dende a Avenida Buenos Aires cara ás calzadas nas inmediacións do centro, tal e como se recolle no documento previo á aprobación inicial do Plan especial de ampliación dos equipamentos educativos?

Cales son os motivos deste Goberno para ter paralizada esta mellora?

Ten alguna previsión este Goberno de cando podería ser a actuación?

O alcalde contéstalle á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que existe un Plan Especial Educativo. Explica o alcalde que é necesario expropiar por falta de

autorización dos vecinos

5.8. PREGUNTA DO PSOE (22.07.2019 Nº 3591)

.- Relativa o estado lamentable de abandono que presentan as fontes e lavadoiros. En concreto na estrada que vai dende Cancelo de arriba a Vilaño Vello, a fonte do Quinto que está totalmente abandonada e pregunta:

Existe no concello un catálogo/inventario/censo das fontes e lavadoiros existentes no municipio no cal se inclúa a súa situación, o estado e uso de conservación?

No caso de que exista, está actualizado o catálogo/inventario/censo das fontes e lavadoiros públicos existentes no termo municipal?

Que ten que dicir o Goberno municipal respecto da fonte que había no lugar de San Román (estrada Cancelo Arriba e Vilaño Vello)?

Vai elaborar e poner en funcionamento un plan de recuperación e rehabilitación destes bens municipais e da súa contorna, habilitando a tal fin partidas orzamentarias correspondentes tendo en conta a captación de subvencións doutras administracións?

O alcalde contéstalle á concelleira socialista María Palomi Rodríguez que estase facendo limpeza das fontes e lavadoiros pero prioritariamente os que usan os vecinos. Di o alcalde que a fonte tapada pola carretera era unha poza non unha fonte.

Non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 15:10h dase por rematada a sesión